

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

DE301.02 A ESAD de Galicia. Organización e xestión

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	14-04-2015	Normativa FIDES-AUDIT Acreditación ACSUG	22-09-2015
2	19-12-2017	Adecuación Orde do 21 de novembro	27-02-2018

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN NA ESAD DE GALICIA

OBXECTO

- Indicar a estrutura organizativa da ESAD de Galicia no eido da xestión do centro en todas as actividades que lle son propias.
- Indicar a estrutura organizativa da ESAD de Galicia no eido do desenvolvemento do Sistema de Garantía Interna da Calidade e dos seus procedementos.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

DESENVOLVEMENTO

A estrutura organizativa e de xestión da ESAD de Galicia aparece recollida nas Normas de Organización e Funcionamento, incluídas neste mesmo capítulo 3 do Manual de Calidade. Seguindo o establecido pola lexislación vixente, establécense as responsabilidades e funcións dos órganos colexiados, do equipo de dirección, dos órganos de coordinación docente e doutros servizos da Escola.

A ESAD de Galicia presenta pois a seguinte estrutura:

Consello Escolar: con representantes da dirección, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Dirección: cos cargos de Director/a, Vicedirector/a, Xefes/as de Estudos (2), Secretaría.

Claustro de Profesoras e Profesores: o profesorado que imparte docencia no centro.

Comisión de Coordinación Pedagóxica: na que están representados os departamentos.

Departamentos didácticos: Dirección escénica e dramaturxia, Escenografía, Interpretación e Teoría e Historia das artes escénicas (Circular 10/2012).

Departamentos de servizos: Calidade, Creación e produción, Mobilidade e transición, Servizo de Dinamización Lingüística (Circular 10/2012).

Outros Servizos: Posgrao e Investigación, Biblioteca e Documentación, Publicacións, información e documentación (Circular 15/2007).

Xunta de Delegadas e Delegados: representantes do alumnado no Consello Escolar e delegadas e delegados de curso.

Comisión de Probas de Acceso: nomeada anualmente desde a Dirección Xeral de Educación, e na que participan a persoa que exerce o cargo de Secretario/a do centro e os xefes/as dos departamentos didácticos.

Xuntas de titulación: integrada por todo o profesorado dunha determinada especialidade.

En relación coa xestión interna da calidade, a ESAD de Galicia conta con:

Departamento de Calidade Servizo de Garantía interna de Calidade

Todo o relativo ao Sistema de Garantía Interna de Calidade aparece recollido no capítulo 1 do presente Manual e nas Normas de Organización e Funcionamento.

